

Suplemento
realizado
en parceria
por **ADEGA**
e por Sermos
Galiza



Quinta feira,
31 de marzo
de 2016
Número 5

Caderno de
análise sobre
ecoloxismo e
o ambiente en
Galiza

Desde o ano 1957, a ría de Pontevedra soporta a contaminación e degradación causada por ENCE, a fábrica de celulosa kraft instalada na ría baixo o réxime franquista e cunha caducidade fixada para 2018. O pasado mes de xaneiro, un goberno en funcións do PP resolveu darlle unha prórroga por outros 60 anos, até o 2073. O ecoloxismo cualificou esta decisión de Mariano Rajoy como unha fraude democrática, unha hipoteca permanente para á ría e unha burla á cidadanía. A multitudinaria manifestación do 29 de xaneiro contra esta decisión puxo de manifesto a indignación cidadá e a vontade de seguirmos na loita.

>>>>> **2-5 e 8**

60 anos máis para Ence na ría?



Artigos de Antón Masa, presidente da APDR, Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA, e Adela Figueroa, co-fundadora e ex-presidenta de ADEGA.

A prórroga a ENCE

Indignación social na comarca contra unha decisión indecente

Que un goberno en funcións, presidido por un personaxe absolutamente desaparecido e derrotado, que sabe que non vai revalidar a súa continuidade no cargo, teña a desfachatez de tomar a decisión de prorrogar a concesión administrativa a ENCE, permitíndolle hipotecar o futuro da Ría e o da comarca de Pontevedra outros 60 anos, é absolutamente indecente e eticamente reprobable. Pero é que, ademais, trátase dunha decisión que mesmo pode rozar a prevaricación.

Antón Masa

Cando o goberno do Sr. Rajoy adopta esta decisión, faino a sabendas de que é inxusta; en efecto, e tal como se recolle no Regulamento Xeral da Lei de Costas, o goberno non pode prorrogar unha concesión en dominio público cando esta concesión ten aberto un expediente de caducidade, caso no que se atopa a de ENCE. Resulta evidente que en tanto non se teña dado resposta ás alegacións presentadas nese procedemento nin ao recurso de reposición presentado diante da ministra de Medio Ambiente pola Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) contra a proposta de caducidade parcial da antedita concesión, o expediente de caducidade segue aberto.

E -contrariamente ao que sostén o Ministerio- son moitas as causas que permitirían declarar a caducidade da concesión de ENCE, moitas e de moi diversa índole e alcance; referireime só a unha, de carácter ambiental, que por obxectiva entendo resulta absolutamente incontestábel. Figura entre as condicións esixidas no título concesional outorgado a ENCE no ano 1958, a obriga de que os seus vertidos á Ría non superen as 20 ppm de DBO (Demanda Bioquímica de Osíxeno); evidentemente, o incumprimento desta esixencia suporía a caducidade da concesión. Pois ben, a realidade é que desde a súa chegada a Lourizán, ENCE incumpriu esta condición. Quedou probado na resolución xudicial da Audiencia Provincial de Pontevedra do ano 2002 que condenou á fábrica por delito ecolóxico continuado e pódese constatar tamén que foi así ao longo de toda a vida da empresa, de forma continuada ata a primeira decena do século e puntualmente na actualidade,

A DECISIÓN VIUSE COMO UN XESTO DE VINGANZA DE MARIANO RAJOY CONTRA UNHA PONTEVEDRA MAIORITARIA QUE O PRESIDENTE DO PP ODIA PROFUNDAMENTE

tal como se pode ver nos datos aportados pola propia ENCE á Xunta de Galicia en cumprimento das esixencias fixadas na AAI e nas dilixencias de inspección realizadas por Augas de Galicia á entidade fabril. Como se pode, xa que logo, prorrogar unha concesión que legalmente ten caducado? Como se pode adoptar unha decisión de tal transcendencia para a comarca a sabendas da súa ilegalidade? Que pode xustificar manter en Lourizán unha empresa ilegal?

Porque lonxe de ser certo que hoxe ENCE cumpra a lexislación ambiental, como se pretende facer crer desde a empresa, as administracións e mesmo desde posicións contrarias á prórroga de 60 anos, a fábrica de pasta de papel incumpre de forma evidente a Directiva 91/271/CEE no que fai aos SS (Sólidos en suspensión), DQO (Demanda química de osíxeno) e DBO; porque a AAI concedida a ENCE polo goberno bipartito no ano 2008 e renovada tres anos despois polo PP, permitelle á pasteira contaminar moi por riba do establecido pola lexislación en materia de vertidos á Ría. E a sentenza ditada este 10 de marzo polo Tribunal de Xustiza da UE contra o Reino de España polo incumprimento da Directiva que nos ocupa, no que fai ao tratamento das augas residuais na Ría de Pontevedra, ten moito que ver con esta realidade.

E calquera que coñeza a historia de ENCE, sabe que a súa chegada á Ría de Pontevedra, alá polos anos 60 do pasado século, supuxo o inicio da conflictividade social e o descontento na comarca, nunca apaciguados. En efecto, a mobilización das mariscadoras de Lourizán nos primeiros meses

do ano 1959 -brutalmente reprimida polas baionetas franquistas- foi punto de partida dunha loita social que, con maior ou menor virulencia, estivo presente de forma permanente na comarca pontevedresa. E non cabía agardar outra cousa, pois coa chegada da CELULOSA -e da electroquímica ELNOSA- iniciábase a degradación ambiental da Ría, a destrución dos recursos naturais (pesca, marisqueo, monte) e turísticos e, como consecuencia, a perda da calidade de vida e da posibilidade de desenvolver un modelo económico baseado na explotación racional destes recursos naturais e a creación de postos de traballo.

Por iso non pode sorprender a ninguén que hoxe a indignación sexa o principal sentimento entre a poboación, sen distinción de clase social e ideoloxía política. Porque esta decisión supón para calquera que aspire a recuperar a Ría unha tremenda labazada, unha nova aldraxe a unha cidadanía que ten sufrido xa por demasiados anos a presenza de ENCE-ELNOSA. Supón unha burla que non por agardada pode deixar indiferente a ninguén. Hai que ter en conta que, xunto a aquelas persoas que seguimos involucradas de forma activa na loita anti-ENCE, existe un amplo sector da poboación que, como consecuencia do cansazo desta intensa loita, confiaba resignadamente na saída de ENCE no ano 2018 no que finalizaba a concesión. E non se fixo agardar a expresión desta indignación.

Desde que se coñeceu a decisión ministerial, a cidadanía pontevedresa amosou de forma aberta e mesmo airada a súa absoluta repulsa, unha resposta que deu pé á recentemente creada Plataforma encefóra.gal a tomar a decisión de convocar de forma inmediata e como primeira acción unitaria fronte á nova situación, unha

O PORQUÉ ESTÁ NAS PORTAS XIRATORIAS: A PRESENZA DE IMPORTANTES PERSOEIROS DO PP EN CADEIRAS MOI BEN REMUNERADAS DE ENCE



manifestación en Pontevedra. Trátase dunha decisión non exenta de riscos, pois só unha resposta masiva podía ter valor nunha situación de auténtica emerxencia como a existente na comarca, e o curto prazo que nos marcamos para realizar a convocatoria facía xurdir dúbidas sobre o axeitado de tal decisión. E a resposta social en forma dunha das máis multitudinarias manifestacións que se teñan celebrado nunca en Pontevedra venenos dar a razón; estabamos a ler de forma certa a indignación existente

**A INDIGNACIÓN
É O PRINCIPAL
SENTIMENTO ENTRE
A POBOACIÓN, SEN
DISTINCIÓNS**

na rúa e máis de 20.000 persoas de toda a comarca expresaban na tarde-noite do 29 de xaneiro a súa rabia e o seu rexeitamento a unha decisión que consideraban inxusta, inustificada e mesmo cruel coa cidadanía. Mesmo alguén cualificaba este xesto de Mariano Rajoy como unha vinganza contra a Pontevedra maioritaria, unha Pontevedra que non lle ri os chistes nin aplaude a súa presenza nas touradas e á que o presidente do PP odia profundamente.

Non é casual tampouco o espazo

que ocupou o tema da prórroga no entroido pontevedrés que, mesmo no concurso das murgas foi -xunto coa "bofetada" a Rajoy- peza obrigada para a práctica totalidade dos grupos participantes. E mesmo neste terreo tivemos espazo os compoñentes da APDR, que cunha murga propia dimos boa conta desta problemática ambiental e social interpretando un cantar de cegos anti-ENCE que suscitou un importante interese entre o público que abarrotaba o auditorio.

E debo subliñar, que o feito anecdótico -por máis que cunha importante carga simbólica- da declaración de Rajoy como "persoa non grata" no Conce-

llo de Pontevedra, tivo unha inusitada repercusión mediática -mesmo no resto do Estado e fóra das súas fronteiras- e deixou ver máis unha vez a soidade do PP na defensa de ENCE.

E dáme pe esta frase para apuntar a resposta ás preguntas formuladas nun parágrafo anterior. A que resposta esta defensa á ultranza dos intereses particulares de ENCE fronte ao interese público? O fenómeno das portas xiratorias, coa presenza de importantes persoeiros do PP (Isabel Tocino, Carlos del Álamo,...) en cadeiras moi ben remuneradas no Consello de Administración de ENCE, pódeo explicar! Os favores, páganse!

Cabeceira da manifestación do 29 de xaneiro en Pontevedra, con máis de 20.000 persoas na rúa.

Ence na ría por outros 60 anos?

Estratexias de actuación no eido administrativo

A recente resolución do Ministerio de prorrogar a estadia das instalacións de ENCE en Lourizán por outros 60 anos non é nin moito menos o punto final da loita. Desde que en 1958 Franco outorgara esta concesión, a concienciación social e a mobilización cidadá seguen a ser as principais ferramentas para forzar a súa saída da ría. Mais cómpre non esquecer a capacidade de intervención, determinante, que teñen as diferentes administracións con competencias na materia.

Fins Eirexas

Como durante os 58 anos que pasaron desde que en 1958 Franco outorgara a concesión á pasteira, a concienciación social e a mobilización cidadá seguen a ser as principais ferramentas da loita pola recuperación da ría de Pontevedra e para conseguir a saída do complexo da ría. Sen elas, calquera outra iniciativa de oposición dende o eido administrativo e xurídico (resolucións, denuncias, recursos xudiciais...) non terían nin terán a mesma repercusión. Porén, e á marxe das estratexias actuación que poidamos desenvolver dende os colectivos que pretendemos a saída de ENCE da ría de Pontevedra, cómpre non esquecer a capacidade de intervención, determinante, que teñen as diferentes administracións con competencias na materia. Xa que logo, e máis nestes tempos de incerteza político-eleitoral, coa probábel saída do PP do goberno e a conformación dun executivo de coalición no estado, e cunhas eleccións galegas ás portas, resulta chave reclamar ás administracións entrantes medidas concretas para reverter a situación criada pola concesión da prórroga a ENCE.

No eido local, o concello de Pontevedra tense amosado como a principal administración en defensa da ría e combate á pasteira, mais as resolucións adoptadas por Xunta e o Estado coutaron a súa capacidade de manobra. A declaración de supramunicipalidade outorgada no seu día (2003) pola Xunta de xeito irregular e recorrida perante o Supremo, constitúe o principal escudo da pasteira para eludir o cumprimento da normati-

va municipal. Xa que logo, e á marxe do fallo que no seu día emita o Tribunal Supremo sobre a cuestión da supramunicipalidade, un outro goberno na Xunta de Galiza podería comezar por retirar este privilexio a ENCE, para que, como no caso de ELNOSA, teña que cumprir coas determinacións das normas urbanísticas de Pontevedra.

Novo goberno na Xunta

E xa que estamos coa Xunta, en toda a problemática de ENCE as súas actuacións resultaron e resultan determinantes. Dela depende tamén revisar a AAI (Autorización Ambiental Integrada) da pasteira, concedida en 2008 e anovada en 2011. Para salvagardar a calidade ambiental da ría, a Xunta podería esixir o cumprimento duns límites de emisións moito máis estritos que os actualmente fixados, que farían inviábel a actividade de ENCE. E perante eventuais incumprimentos da AAI, a Xunta e as administracións e colectivos opostos á pasteira, poderíamos instar ao Ministerio a incoar un expediente de caducidade por incumprimento das condicións fixadas na prórroga da concesión, trámite que para o erario público tería custo cero.

Outras accións que a (nova) administración galega podería desenvolver para facer inviábel a presenza de ENCE en Lourizán sería declarar a súa incompatibilidade coas directrices do POL (Plano de Ordenamento do Litoral) e as DOT (Directrices de Ordenamento do Territorio). Malia que estas dúas normas precisan dunha urxente revisión, xa que o PP as redactou cunha ambigüidade calculada para que a discrecionalidade fose a regra, unha interpretación diferente da actual permitiría poñer

UN NOVO GOBERNO NA XUNTA PODE RETIRAR A DECLARACIÓN DE SUPRAMUNICIPALIDADE, O QUE DARÍA CAPACIDADE DE MANOBRAS AO CONCELLO DE PONTEVEDRA



os alicerces para expulsar a ENCE das nosas rías.

Tampouco é cuestión menor a retirada das prebendas económicas coas que a Xunta agasallou historicamente a ENCE. Por exemplo, mediante a aplicación íntegra e sen privilexiadas bonificacións do canon da auga ao complexo industrial, o erario público pasaría a ingresar uns 10 millóns de euros ao ano, fronte aos actuais 900.000€ que a Xunta lles está a facturar hoxe. E mediante a denuncia do convenio con Portos de Galicia que bonifica un 60% o uso que a pasteira fai do porto de



Ribadeo, poderíanse recadar outros 600.000€ anuais.

Por último no que atinxe á Xunta, unha nova política forestal afastada das coordenadas actuais (produtivismo, monocultivos e eucaliptos), comezando pola aplicación efectiva das leis de Montes e Conservación da Natureza e a prohibición do *Eucalyptus nitens*, serían torpedos na liña de flotación dos negocios da pasteira. Sen esquecer a prohibición dos cultivos enerxéticos e a modificación do marco regulamentador da biomasa para impedir un desenvolvemento especulativo do

sector que ENCE (*Energía y Celulosa*) cobiza, xa bastante nesgado cara á produción enerxética.

Novo goberno no Estado español

Como responsábel directo da concesión da prórroga, o Estado español, diante da perspectiva dun cambio de goberno, ten tamén na súa man revertir o agravio cometido polo executivo de Rajoy. De entrada, e se o recambio ministerial chega a tem-

po, podería atender os recursos de alzada interpostos pola APDR e, consecuentemente, o de reposición contra a concesión da prórroga, deixando sen efecto as decisións da ministra Tejerina. Neste caso, a empresa non podería reclamar indemnizacións, xa que a concesión da prórroga non se chegaría a facer efectiva.

De consumarse a prórroga, e diante do seguro contencioso-administrativo anunciado polos colectivos en de-

**HOXE A XUNTA
AFÓRRALLE Á ENCE 9
MILLÓNS DE EUROS
AO ANO POLAS
BONIFICACIÓNS DO
CANON DA AUGA**

fensa da ría, o Ministerio podería dar instrucións á abogacía do Estado para non interferir ou mesmo apoiar os argumentos da parte denunciante no xuízo. Porén, calquera eventual anulación da prórroga consecuencia dunha resolución xudicial, ou revogación a instancias dun outro goberno no Estado, daría lugar á reclamación de indemnizacións e lucro cesante por parte de ENCE, toda vez que a concesión se fixo firme.

Diante desta perspectiva, e contando con que un novo goberno galego faga efectivas as iniciativas anteriormente apuntadas (en particular a revisión da AAI) para deixar en evidencia o verdadeiro impacto contaminante de ENCE, o Estado podería incoar de oficio ou a instancias de parte (Xunta) un expediente de caducidade da concesión administrativa por incumprimento das condicións fixadas á pasteira. E para asegurar que manobras como a perpetrada polo goberno Rajoy en funcións non volvan repetirse, cómpre pechar a billa das prórrogas extraordinarias para a ocupación do dominio público derogando as modificacións introducidas polo PP na Lei de Costas.

Finalmente, e caso de fallaren as anteriores estratexias e resolver os tribunais a favor de ENCE no contencioso, non estaría de máis reflexionar sobre cales serían os custos que para os orzamentos públicos tería un hipotético rescate da concesión. En todo caso, nada comparado co que os gobernos do PP e do PSOE no estado levan entregado ás eléctricas desde 1998: uns 80.000 millóns de € entre o “déficit de tarifa”, a moratoria nuclear, os pagos por capacidade e os custos da transición á competencia, entre outras débedas ficticias e ilexítimas; cartos que saíron do peto dos contribuíntes a través da factura da luz.

Daquela, que prezo estaría disposto a pagar un goberno “de progreso” para botar a ENCE da ría de Pontevedra?

ADEGA sumouse á manifestación do 29 de xaneiro, para salientar a repulsa do ecoloxismo galego a 60 anos máis de ENCE na Ría.



— Aves e vidros: unha visión local dun problema global

Charla-obradoiro na Universidade da Coruña, organizada pola Oficina de Medio Ambiente da UDC e ADEGA, coa participación dos ornitólogos do Grupo Naturalista Hábitat e da SEO, Cosme Damián Romay, Gustavo Ferreiro, Cachi Veiga, Manuel Carregal e Roberto Bao. A finalidade desta xornada foi a sinalización de vidreiras problemáticas para a mortalidade de aves no Campus.



— Compostaxe

Os restos orgánicos quedan en Allariz, onde comezaron a funcionar as áreas de compostaxe comunitaria. Recóllese separadamente a fracción orgánica da hostalaría, e nos centros de ensino da vila aprenden a compostar. Pola súa banda, o concello de San Sadurniño iniciou a segunda rota de recollida porta a porta e reciclaxe no rural: agora, o lixo reciclábel recollerase porta a porta perfectamente seleccionado, mentres que a fracción orgánica será compostada nas vivendas.

Actualidade ambiental en imaxes



— Roteiríos 2016, polo río Arnego

Tivo lugar o pasado sábado 12 de marzo coa visita a un treito do río Arnego para coñecer o seu patrimonio natural e cultural. Unha actividade gratuíta que deu comezo á novena edición (2016) do programa de roteiros do Proxecto Ríos. Roteiríos pretende unir ríos e persoas, achegando os cursos fluviais á cidadanía nun ambiente lúdico, e dar a coñecer o seu patrimonio natural e cultural asociado. Máis información: www.proxectorios.org/index.php.

— Todos agás o PP apoian a campaña

A campaña STOP EUCALIPTO, AVANTE CARBALLO! para frear a expansión do eucalipto en Galiza recibiu o apoio de todos os partidos a excepción do PP. AGE, BNG, PSdG-PSOE e Grupo Mixto amosaron a súa concordancia co manifesto desta campaña en defensa dos nosos bosques autóctonos e comprometéronse a desenvolver iniciativas parlamentares que permitan por freo á expansión incontrolada do eucalipto en Galiza.



— Memoria pétre. Roteiro de Adegas-Lugo por Samos-O Incio

A rota comezou coa visita ao Castro de Formigueiros, e continuou polo Val do Mao, as aldeas de Sobrado e Santa Cristina, o Castro de Goo, Lebaste e Mosteiró. Un singular labirinto de pedras e un acolledor soto leváronnos tras a pista do mamut en Galiza, e finalmente ao Petróglypho do Agro do Pepe. Máis información: www.adega.gal



— En defensa do noso mar, contra o modelo acuícola do PP

Malia ter anunciado a retirada do rascuño de Lei de Acuicultura nun claro intento de desmobilización, polo masivo rexeitamento das organizacións sectoriais, confrarías, mariscadoras e ecoloxistas, o sábado 27 de febreiro preto de 30 mil persoas percorreron as rúas de Compostela en defensa do noso mar e contra a planificación acuícola que propugna a Consellaría do Mar do Partido Popular.



— Xornada de eliminación de eucaliptos na Eira da Xoana

Despois dun xantar na Eira da Xoana, a eliminación de eucaliptos tivo lugar o pasado domingo 13 de marzo, nas fincas en custodia da Fundación Eira en Ramil (Agolada). Foi continuación das tarefas de eliminación de eucaliptos comezadas o pasado ano, e forma parte da campaña en defensa do bosque autóctono e contra a expansión do eucalipto, que este 2016 centrará a actividade de ADEGA.



— 40 Asemblea de Adegas: 40 anos de activismo en defensa da natureza galega

A 40 Asemblea Xeral de ADEGA tivo lugar o pasado mes de xaneiro. 40 anos de ecoloxismo e defensa do patrimonio natural e cultural de Galiza, grazas ao compromiso xeneroso e solidario dos milleiros de socios e socias, simpatizantes e colaborador@s. Os premios Osixeno 2015 corresponderon a Xesús Asorey, apicultor e secretario técnico da Asociación Galega de Apicultura, a Granxa Arqueixal e aos socio/as de ADEGA máis novo (Xoel) e máis veterano (Paco Graña) presentes no acto.

— Nova fraude de Sogama: 4 millóns para unha planta de compostaxe que non vai facer compost

A recente licitación por parte da Xunta-SOGAMA dunha "planta de compostaxe" por 3.940.000 euros (+ IVE) que a entidade pretende instalar ao carón do macrovertedoiro da Areosa, é unha fraude, xa que segundo a Lei 22/2011 de Residuos non pode facer compost porque a materia orgánica non provén dunha recollida selectiva. No sistema SOGAMA, a materia orgánica vai mesturada co "resto" no contedor verde.



A celulose, uma imposição do governo franquista

Adela Figueroa

A fábrica de ENCE, Empresa Nacional de Celuloses, criada pelo Instituto Nacional de Indústria (INI), foi uma imposição do governo Franquista em 1957, sob a égide do Opus Dei, num regime de ditadura, corrupção e propaganda. De pouco valeram os argumentos em contra, que com certeza foram muitos, como os das monjas de Placeres que viram seu colégio posto em questão. Os de Jose Luis Pelaez Casalderrey, engenheiro doutor de montes e presidente da Câmara Agrária: um dos seus argumentos, que eu ouvi, era que, para além de estragar a ria, de grande produtividade, a fábrica iria fomentar as plantações de eucaliptos por todo o país. O tempo deu-lhe a razão. Os do mesmo povo de Placeres e as suas mariscadoras que foram banidas pola guarda civil. Golpeadas e encarceradas. A sua resistência fora heroica. Mulheres a pé indefesas contra os homens armados e a cavalo. Os informes técnicos da Universidade. Salientam os do catedrático Ernesto Vieitez Cortizo, que tinha previsto instalar ali uma extensão da Universidade de Santiago para estudos do mar e com escola de mergulho.

Mas nada disso valeu. Nem as manifestações (em época de ditadura) nem os argumentos em favor da saúde da ria e de seus habitantes. Eram épocas de industrialização “manu militari”. O INI impôs a sua lei. E em Pontevedra fora seu aliado José Fernando Filgueira Valverde: Alcalde, Procurador em Cortes e diretor do Museu Provincial. Um dos principais responsáveis do desastre que supus a Celulose.

Som estes tempos recuados, que ficam, apenas, na memória da gente do lugar. Mas os incêndios florestais e a degradação do monte galego seguiu parelho ao desenvolvimento da fábrica. Não vou dizer



que esta fosse a única causa, mas sim um dos fatores importantes.

Desde o seu início, nos anos 1974, ADEGA lutou contra a Celulose. Quer com argumentos legais quer sociais. Pode-se dizer que foi a primeira das lutas de ADEGA. Eu mesma tenho participado em inúmeras reuniões, algumas em Lourizán, representado a ADEGA, e palestras acerca do seu impacto ambiental e social.

A fábrica de CELULOSA e sua anexa ELNOSA são perigosas para a saúde humana. Como tem de-

“ERAM ÉPOCAS DE INDUSTRIALIZAÇÃO “MANU MILITARI”. O INI IMPÔSA SUA LEI. E EM PONTEVEDRA FORA SEU ALIADO FILGUEIRA VALVERDE”

monstrado estudos médicos e epidemiológicos feitos em Pontevedra.

É perigosa para a biosfera em geral, porque contamina os areias da ria onde se cria o marisco. É perigosa para a economia porque deteriora o ar que respiramos, a água que bebemos e o alimento que comemos, e porque destrói muitos postos de trabalho baseados na exploração sustentável de produtos da ria. Porque provoca uma eucaliptação de difícil reversão, inçando os nossos montes de eucaliptos, mono-cultivo de gran-

de impacto ecológico, ambiental e social.

Está num lugar privilegiado pola natureza que teria outro desenvolvimento diferente se esta fábrica não tivesse castrado um plano integral entre Marim e Pontevedra. Esgota o subministro de água a Pontevedra porque absorve duas terceiras partes do caudal do rio Lerez e, ainda, em virtude duma concessão gratuita.

Foi a primeira das Lutas de ADEGA, ainda não ganhada, mas que, queremos e cremos que, em colaboração com as outras associações e responsáveis políticos que lutam pola ria de Pontevedra, algum dia ganharemos.

Adela Figueroa foi cofundadora de ADEGA, presidenta de ADEGA-Pontevedra entre 1980 e 1984, e presidenta de ADEGA entre 2006 e 2010.

Mobilización en contra da prórroga a ENCE que encheu a praza da Ferrería.